

CURSO

# INFORME E DIAGNÓSTICO SOCIAL

FORMACIÓN DIRIXIDA PRIORITARIAMENTE A T.SOCIAIS COLEXIADOS/AS EN ACTIVO DE SS.SS COMUNITARIOS

DOSSIER INFORMATIVO



# INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Obxectivos.....	2
3) Contidos formativos.....	4
4) Persoas destinatarias.....	5
5) Calendario .....	5
6) Metodoloxía.....	5
7) Avaliación .....	6
8) Inscripción.....	6
9) Docencia .....	6

## 1. RESUMO DO CURSO



60 horas



Online con sesións de videoconferencia.



Do 6 de outubro ao 24 de novembro de 2022



De balde

## 2. OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do curso é **capacitar ás persoas participantes para o desenvolvemento dun proceso de diagnóstico social**, baixo unha perspectiva reflexiva e desde un marco ético pragmático que favoreza a eficacia e a operatividade da intervención desde o Traballo Social, así como saber elaborar informes sociais fundamentados sobre os distintos dominios de intervención do Traballo Social como disciplina científico-práctica.

Os obxectivos específicos do programa formativo son:

- Lograr identificar, deseñar e elaborar informes sociais como ferramenta técnica de intervención en Traballo Social.
- Asimilar o contido vinculado ao desenvolvemento do diagnóstico social, coma unha esfera de aplicación do Traballo Social co fin de ser axentes que favorezan o crecemento do coñecemento da profesión desde unha disciplina científico-práctica.
- Adquirir unha conceptualización funcional do diagnóstico social aplicado aos procesos de intervención desenvolvidos desde o Traballo Social e a finalidade do diagnóstico, así coma a súa documentación a través da ferramenta do informe social.
- Integrar o diagnóstico social como fase diferenciada e capital dos procesos de intervención social desde o Traballo Social, integrando as distintas fases do mesmo, así coma as distintas ferramentas a mobilizar en cada unha delas.
- Identificar o diagnóstico social como xuízo profesional e saber fundamentar estes xuízos. Distinguir entre xuízo e feito. Abordar a definición práctica de indicadores e ver a súa tipoloxía.
- Achegarse ao diagnóstico social como esfera de aplicabilidade da ética pragmática do T. Social, así coma a súa repercusión no eido metodolóxico. Reflexionar sobre os distintos niveis de aplicación da ética no T.Social: teleolóxico, deontolóxico e pragmático. O diagnóstico social na esfera legal; procedemento administrativo e lexislación relativa á protección de datos.
- Adquirir os coñecementos sobre diagnósticos sociais a nivel grupal e comunitario, como elementos de referencia para o desenvolvemento dun diagnóstico social individual.
- Aplicar os coñecementos adquiridos a través da análise e execución de análises de estudos de caso, co fin de identificar as dificultades e situacións máis habituais na resolución de supostos.

## 3. CONTIDOS

### Módulo 1. Informe social. Marco conceptual.

- Introducción: Instrumentos do T. Social. Os soportes documentais da profesión.
- O informe social.
- Concepto e características.
- Finalidade, tipoloxía e estrutura.

### Módulo 2. Criterios para a elaboración de informes sociais.

- O uso da linguaxe. Precisión terminolóxica e claridade expositiva.
- Pertinencia e relevancia da información.
- Rigor na elaboración e redacción de informes sociais.
- Diferencias entre diagnóstico social incluído en informes sociais e o diagnóstico social incluído noutros instrumentos.

### Módulo 3. O diagnóstico social.

- Estrutura do diagnóstico social.
- O diagnóstico social como xuízo. Conceptualización xuízo-feito e a súa elaboración no discurso profesional.
- Indicadores. Concepto e tipoloxía. Escalas de indicadores para o diagnóstico social.

### Módulo 4. Investigación previa

- Información e fontes de obtención da mesa.
- Técnicas de investigación.

### Módulo 5. Marco ético no informe e diagnóstico social. A esfera da ética pragmática na súa aplicación ao Traballo Social.

- A ética profesional aplicada ao T. Social. Distintos sistemas e teorías éticas aplicadas ao T. Social.
- Os 3 niveis de aplicación ética: teleolóxica, deontolóxica e pragmática. A súa proxección na esfera do informe social.
- Posicionamento dos/as profesionais de T. Social.
- A lexislación de protección de datos e procedemento administrativo. Repercusión nos informes sociais.

### Módulo 6. Casos prácticos.

- Dificultades frecuentes na elaboración de informes sociais.
- Análise e resolución de casos prácticos.

## 4. PERSOAS DESTINATARIAS

Formación dirixida, prioritariamente, a **traballadores/as sociais colexiados/as no COTSG en activo** que desenvolvan a súa labor nos **SS.SS Comunitarios**, en virtude do acordo de colaboración establecido coa Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T. Social colexiado/a.

## 5. CALENDARIO

O curso consta de 60 horas que se impartirán desde o 6 de outubro ao 24 de novembro de 2022.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	20/10/2022	16:30-18:30
Sesión 2	03/11/2022	16:30-18:30
Sesión 3	10/11/2022	16:30-18:30
Sesión 4	17/11/2022	16:30-18:30

## 6. METODOLOXÍA

A metodoloxía de formación proposta combina tanto a modalidade a distancia baixo soporte da plataforma de teleformación como o desenvolvemento de sesións de formación vía streaming a través da **ferramenta Google Meet**.

Das 60 horas do curso, 54 horas levaranse a cabo a través da lectura e reflexión dos materiais postos a disposición do alumnado na plataforma de formación e 8 horas a través de 4 webinars. Para a formación a distancia utilizaranse lecturas de materiais de apoio, presentación de documentación complementaria e foros de dúbidas.

## 7. AVALIACIÓN

Para a superación da acción formativa será preciso:

- A asistencia ao **75% das sesións virtuais**.
- A realización dos **cuestionarios e supostos prácticos** propostos pola docencia.
- A **participación nos foros**.

## 8. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase a través deste [formulario](#), achegando ademáis a **Vida Laboral actualizada** a [info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal) indicando no asunto Formación\_DIAGNÓSTICO

**Data límite de inscrición:** 30 de xuño ata as 12:00 AM ou ata esgotar prazas.  
Prazas limitadas. A admisión na acción formativa realizarase por orde de inscrición.

## 9. DOCENCIA

### Eva Sales

Traballadora social pola Universidade Complutense de Madrid, especialista en menores en dificultade e conflito social pola Universidade Pontificia de Comillas e Coach pola Escola Lider-Haz-Go, con formación acreditada por ICF, AECOP e FIACE .

Comezou a súa traxectoria como traballadora social coordinando programas de acción social en entidades do Terceiro Sector en 1998 e posteriormente exerceu como traballadora social nos Servizos Sociais do Concello de Madrid entre 2004 e 2015.

Desde 2013 implementa a metodoloxía do coaching a nivel persoal e profesional, cun especial foco en emprendedores e en profesionais ou usuarios/ as dos servizos sociais.

Conta con ampla experiencia en formación en diferentes sectores, preparadora de oposicións de traballo social, formadora en programas de voluntariado, formadora externa do Concello de Madrid, etc.

<https://www.linkedin.com/in/eva-sales-49603760/>

## **Juan Monsalve**

Traballador pola Universidade Complutense de Madrid. Magister en investigación e xestión de desenvolvemento local pola Universidade Complutense de Madrid. Coach pola Escola Europea de Coaching, con formación acreditada por ICF.

Desde 1998 desenvolve unha ampla traxectoria dirixindo e supervisando programas de intervención social e desde 2009 desenvolve programas de desenvolvemento profesional e capacitación baseados en coaching.

Programou e levou a cabo numerosas accións formativas no marco da inserción laboral, o desenvolvemento do talento, o liderado e habilidades directivas para diferentes entidades do Terceiro sector e administracións públicas.

<https://www.linkedin.com/in/juanmonsalve1972/>



# COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



[info@traballosocial.gal](mailto:info@traballosocial.gal)



[facebook.com/COTSdeGalicia](https://facebook.com/COTSdeGalicia)



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)

Financiado por:

